



Concello de Guitiriz

CONSULTA PUBLICA NA PAXINA WEB MUNICIPAL

ORDENANZA DA TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA E REUTILIZACIÓN DE DATOS DO CONCELLO DE GUITIRIZ

Por providencia da alcaldía incoouse o correspondente expediente para a aprobación da modificación da ordenanza xeral reguladora da transparencia, accesos á información pública e reutilización de datos do Concello de Guitiriz.

O borrador de ordenanza que se adxunta como ANEXO rexe a tramitación e procedemento a seguir a para facer efectiva a transparencia municipal, establecendo os mecanismos existentes e a forma de reutilización da información

O informe xurídico da secretaría municipal sinala que o artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, establece que previamente á elaboración do proxecto de regulamento realizarase unha consulta pública a través da páxina web municipal para recabar a opinión dos posibles afectados pola norma sobre: os problemas a solucionar, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma, e as posibles solucións alternativas.

En consecuencia, DISPOÑO:

Que se proceda a publicar na páxina web municipal o correspondente anuncio xunto co borrador do proxecto de ordenanza inicialmente redactado, para que durante un prazo de 15 días, os usuarios do servizo ou calquera interesado poidan consultalo e presentar suxerencias ou opinións ao respecto, entre outras sobre os problemas que a ordenanza trata de solucionar, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma, ou no seu caso as posibles solucións alternativas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa
Regina Polín Rodríguez

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 Lugo. Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Concello de Guitiriz

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 Lugo. Tfno. 982370109. Fax: 982372178